



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

ACTA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FGTA

Lalín, 2 de decembro de 2018

Seguindo as instrucións do Presidente da FGTA, reúnese a Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Tiro con Arco, o domingo 2 de Setembro ás 10:00 h. en primeira convocatoria e ás 10:30 h. en segunda convocatoria. O lugar habilitado para dita reunión é a Sala de Prensa do Concello de Lalín (Pontevedra).

ASISTENTES:

Presidente FGTA Iñaki Fariña Muradás.

ESTAMENTO DE CLUBES:

Club Arkeiros do Deza	Mary Novoa Varela.
Club Arco Barco	Rubén Ramos Vila (aporta documento acreditativo asinado polo presidente do Club).
Club Arceixo	Manuel García.
Arqueiros do Barbanza	Inmaculada Souto Losada.
The Cutarc Team	Javier París Fernández (aporta documento acreditativo asinado polo presidente do Club).
Club Archers Team	Luis Alberto Argüelles Pérez
Club Arco Narón	Alberto López Díaz (aporta inscrición de nova xunta directiva no Rexistro da Xunta con data 24/04/2018).
Club Serra de Gondomar	Marco Antonio Melón González
Club A Frouxeira	José Teijeiro Lamigueiro (aporta documento acreditativo asinado polo presidente do Club).
Club Boa Vila	Rafael Gil Martínez
Club Arco Teucro	Mercedes Gulín Hermida
Club Lumelar	Juan Ramón González Vázquez
Club Meigarco	Eugenio Casal Rodas
Club Toxarco	Vicepresidente (non trouxo autorización, polo que non tivo voto na asemblea)

ESTAMENTO XUÍCES

Rafael Gil Villanueva
José Martín Gómez Segura
Alfredo Rubio Ramos

ESTAMENTO MONITORES

Jaime Andrés Balado Prieto
Eloy Gómez de Membrillera Fdez.-Valdés



Santiago Soneira Muíño

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

M^a Concepción Gómez de Membrillera Fdez.-Valdés
Diego Martínez Ramos
Jesús Ángel Budiño Pousada
Carlos Lombardía Rodríguez
José Manuel Marcote Cabrera
Vicente Enrique Veira Moreno
Elías Méndez Álvarez
Luis Miguel Suárez González

ORDE DO DÍA:

1. Nomeamento da Xunta Directiva e aceptación expresa do cargo.

Despois da aceptación expresa do cargo polos seus compoñentes, a directiva da FGTA compúxose da seguinte maneira:

- Presidente: Iñaki Fariña Muradás
- Vicepresidente: Elías Méndez Álvarez
- Secretaria e tesoureira: Inmaculada Souto Losada
- Vogais:

Santiago Soneira Muíño
Carlos Rama Rodríguez
Víctor Infante Romeu
Luis Miguel Suárez González
Jesús Ángel Budiño Pousada

2. Nomeamento membros Comisión Delegada elixidos polo presidente da Fgta e comités.

O presidente da FGTA incorpora á Comisión Delegada ao Club Arkeiros do Deza, a Santiago Soneira Muíño e a Jesús Ángel Budiño Pousada, formándose definitivamente polas seguintes persoas e entidades:

- Arkeiros do Deza
- Arqueiros do Barbanza
- The Cutarc Team
- Meigarco
- Santiago Soneira Muíño
- Jesús Ángel Budiño Prieto
- Elías Méndez Álvarez
- Ignacio Cascón Salgado
- Jaime Andrés Balado Prieto

Nomease como Xuíz Único a Luis Vera Moreno.

Se nombra el Comité de Disciplina que estará formado por:

Federación Galega de Tiro con Arco – N.I.F. G-27034131
Apdo. de correos 5368 – CP 15009 (A Coruña)
Presidencia: presidente@fgta.es / Secretaria: secretaria@fgta.es



- Jorge Mato Posse
- Ignacio Cascón Salgado
- M^a Celia Seijas Quiñoá

Comentase que M^a Celia Seijas Quiñoá podería ter un problema de incompatibilidade ao ser membro da Xunta Electoral. O presidente contesta que non ten constancia dese tipo de incompatibilidade pero que o preguntará na Secretaría Xeral para o Deporte para estar seguros.

Nomease tamén ao presidente do Comité de xuíces, José Martín Gómez Segura.

Toma a palabra Jose Martín Gómez Segura para explicar cál será a labor do Comité de xuíces:

- Realizar unha reunión anual de todos os xuíces a principio de tempada para recoller propostas para a próxima tempada e actualizar normas ou regras, xunto cunha charla referente ao seminario de xuíces.
- Restablecer un xa perdido canal de comunicación entre o Comité de Xuíces da FGTA e o Comité de Xuíces da RFETA.
- Designación de xuíces para as distintas competicións con suficiente antelación e segundo a súa dispoñibilidade para evitar imprevistos de última horas. Tamén a incorporación de xuíces nacionais para as competicións FITA ou Campionatos galegos para poder homologar récords.
- Uniformidade dos xuíces: Se se utiliza a nacional ou se mantén a uniformidade dos xuíces da federación galega.
- Contar cun banco de incidencias para xuíces e facer cursos de reciclaxe cada dous anos.
- Unificar o sistema de puntuacións co IANSEO.
- Manifesta o seu desexo de que o Presidente do Comité de xuíces salga dun consenso de todos os xuíces e o presidente da FGTA.

Axuntamos o documento completo.

3. Lectura e aprobación da Acta da última Asemblea Ordinaria.

O presidente comunica á Asemblea que no libro de Actas da Fgta non figuran as actas correspondentes ao último ano polo que non é posible léela, e polo tanto, aprobalas.

4. Presentación do gasto orzamentario do ano 2018 realizado a 13/11/2018.

O presidente diríxese de novo aos presentes para informarles que, desde a toma de posesión do cargo, realizada o día 29 de novembro, non recibiron a información contable por parte da FGTA co que non pode presentar un informe en condicións do gasto realizasdo.

Afirma tamén que antes do 10 de decembro, segundo o convenio de colaboración asinado, hai que presentar a xustificación do 2º pagamento da subvención que se percibiu da Secretaría Xeral para o Deporte, pero que a antiga directiva da FGTA aínda non presentou os papeis.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Informa aos presentes de que a súa idea era facerse cargo de todas estas xestións pero, ante a falta de tempo, e que ademais, a anterior directiva ten todo o material da súa man, tivo que ceder uns días para que poñan os papeis ao día.

Non obstante, e despois de revisar algúns dos papeis que hay na sede da FGTA, está en condicións de dar algúns datos como os seguintes:

- Desde Novembro do ano pasado, contratáronse a dous administrativos para levar a contabilidade da FGTA (ademais dunha xestoría que se encarga de todo o proceso contable), cousa que a actual directiva considera un gasto innecesario, tendo en conta que todo o papeleo está sen actualizar. Infórmase á Asamblea de que se dou aviso á xestoría para rescindir dito contrato, o que supón á FGTA un gasto de 900 € máis vacacións non disfrutadas (cantidade aínda sen especificar).
- Infórmase dos saldos de Xaneiro e finais de Outubro das dúas contas que ten a Federación. Unha primeira conta que contaba, a 1 de Xaneiro de 2018, cun saldo de 1.534,61 € e a 31 de Outubro, con 3.226,72 €. E unha segunda conta que contaba, a 1 de Xaneiro de 2018, cun saldo de 65.706,26 €, e a 29 de Outubro, con 3.257,67 €.
- Infórmase de que algúns dos documentos gardados na sede da FGTA permiten coñecer á actual directiva da FGTA que quedan algunhas débedas pendentes de pago con deportistas subvencionados e clubs organizadores. O total de la débeda ascende a uns 3.564,15 €.
- Infórmase tamén que se solicitou unha subvención para equipamento deportivo publicada no DOG en xullo deste ano, cuxo prazo de xustificación do pagamento finalizaba o 30 de novembro segundo informou Alfredo Rubio. Como a toma de posesión foi a tarde do día 29 e a nova directiva non tiña acceso ás contas da FGTA, tivo que ser o anterior presidente quen efectuase o pagamento do material e xustificase o gasto para a subvención. En todo caso, a subvención solo cubriría o 50% do diñeiro desembolsado co que o outro 50% sería gasto da FGTA.
- E, por último, infórmase que, tras saber a RFETA o resultado das eleccións se paralizou o proceso de escisión da FGTA da RFETA. O anterior presidente da FGTA, presente na Asamblea afirma non ter constancia en ningún momento de que a FGTA fose a estar escindida da RFETA. Tamén se informa á Asamblea que a próxima semana, o director deportivo da RFETA reunirase coa actual directiva da FGTA para ensinarlles a utilizar o programa das licenzas e que non haxa problemas á hora de introducir as licenzas na base de datos da RFETA.

5. Presentación e aprobación, se procede, dos orzamentos para o ano 2019.

Apróbanse por unanimidade os presupostos para o próximo ano.

6. Presentación e aprobación do calendario deportivo da tempada 2018-2019..



XUNTA
DE GALICIA



The Cutarc Team pide que se inclúa no calendario o I Torneo de eliminatorias Torre de Hércules, organizado por su club o 16 de Febreiro do próximo ano. Se lle di que así se fará.

Arco Narón solicita a data do 23 de Novembro para celebrar o XVI Trofeo “Cidade de Narón” de Tiro con Arco. Acéptase a proposta, aínda que se lles informa de que non se vai a introducir de momento no calendario xa que, debido á modificación das datas da temporada deportiva de Outubro a Setembro, incluírase xa como campionato no calendario da tempada 2019/20.

O club Arc-Teixo pide que se inclúa un Torneo Indoor Cup que celebrará o 26 de xaneiro de 2019. Tamén se convén a iso.

Alfredo Rubio, pide que se inclúa no calendario deportivo o Trofeo Sílex, o día 8 de xuño de 2019.

Revisando o calendario, os clubs Arco Narón, Boa Vila e A Frouxeira manifestan o seu descontento polo separadas que aparecen as tiradas de aire libre, respecto a Campionatos importantes como son o Galego ou o de España, e solicitan un cambio que favoreza o rendemento deportivo ante as probas. Despois de revisar o calendario entre toda a Asamblea, apróbase o calendario deportivo cos seguintes cambios:

- Trofeo Federación Arco Recurvo e Composto, colocado o 30 de Marzo, pasa ao 25 de Maio.
- Campionato Galego Arco Recurvo e Composto, colocado o 25 de Maio, pasa ao 13 de xullo.
- 3ª Tirada de Liga 3D, colocada o 4 de Maio, pasa ao 25 de Maio.
- Campionato Galego de Aire libre para tradicional e espido, colocado o 25 de Maio, pasa ao 4 de maio.

O representante do Club Archers Team fai un inciso para pedir á actual directiva que se trate de facer un calendario deportivo de agora en adiante que permita un desenvolvemento deportivo adecuado para todos os arqueiros.

7. Designación de sedes dos campionatos e competicións oficiais, se é posible.

Ninguén o confirma, sóo Arc-Teixo di que cabe a posibilidade de que fagan un dos campionatos de aire libre, pero aínda están pendentes de confirmalo cas entidades competentes.

8. Proposta e aprobación das cotas a abonar polas licenzas.

Despois de explicar cómo quedou a licenza única a raíz da sentenza publicada fai uns meses se somete a votación os prezos das licenzas co seguinte resultado:

A favor da proposta presentada: 14

En contra da proposta presentada: 9

Abstencións: 3

Polo tanto se aproba por maioría os prezos das licenzas da tempada 2018/19.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Finalizado o orde do día solicítase se hai algunha pregunta. O representante do Club A Frouxeira comenta que se teñan en conta, a efectos da subvención que outorga a FGTA, as puntuacións do seu arqueiro na modalidade de arco adaptado e se estableza un baremo de puntuacións.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 12:30 h. do día da data, levantase a sesión. De todo o anterior, e co VºBº do Presidente, eu como secretaria da FGTA dou fe.